

DECRETO DE 20 DE AGOSTO DO 2020:

D. Vicente Gómez García, Alcalde do Concello de Castrelo do Val (Ourense), en base ás competencias que en materia de contratación atribúe a Alcaldía a Disposición Adicional 2.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e á delegación efectuada polo Pleno, en sesión realizada o 10 de marzo de 2020, a favor desta Alcaldía en materia de contratación e aprobación de proxectos de obras, e

VISTO o Decreto da Alcaldía de data 10/08/2020 polo que se aproba Anteproxecto/Memoria Técnica Valorada de “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val”, cun orzamento de 38.192,46 € e 8.020,42 € de ive (total 46.212,88 € iva incluído), elaborada polo arquitecto técnico D. Juan Manuel Mera Díaz, colexiado nº 159.

VISTO que o orzamento do proxecto da devandita obra conta cun valor estimado de 38.192,46 € e 8.020,42 € de iva (total 46.212,88 € iva incluído), e que polo tanto se trata dun expediente de contra menor de obras ó non superar o importe establecido no art 118.1 da LCSP.

RESULTANDO necesario a contratación da obra “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val”, dado a subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Dirección Xeral da Administración Local por importe de 33.704,22 €.

VISTO os informes do técnico municipal de urbanismo e da secretaría-intervención.

VISTA a propostas presentadas para a execución da obra polas empresas.

RESOLVO:

1.- Acorda-la tramitación deste expediente como contrato menor de obras, ó abeiro do disposto nos artigos 118, e 231 e seguintes da LCSP, xustificando a celebración do mesmo pola necesidade da contratación da obra “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val”.

2.- Aprobar o gasto con cargo á partida 459/61909 do orzamento de gastos vixente.

3.-Adxudicar, á empresa CONSTRUCCIONES Y ALMACENES MANUEL VISO E HIJOS S.L.; CIF B32024317, ó ter presentado a mellor oferta económica, o contrato menor de execución da obra “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castrelo do Val”, polo importe de 37.890,00€ e 7.956,90 € de iva (total 45.846,90 € iva incluído) e un **prazo de execución que remata o 20 de Outubro do 2020.**

4.- Designar como técnico director das obra ó técnico redactor do proxecto, D. Juan Manuel Mera Díaz, colexiado nº 159.

5.- Xustificar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que o constractista, conforme ós datos existentes na intervención do Concello, non suscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000,00 € de valor estimado (ive excluído).

6.- Unha vez realizada a prestación, incorpórese ó expediente a factura e tramítese o pago se procede.

7.- Notificar a resolución ó adxudicatario no prazo de 10 días a partir da data da firma da presente Resolución.

Castrelo do Val,

O Alcalde
Vicente Gómez García

O Secretario
Mario L. Rodríguez Fernández

